



XELA ARIAS SEN FRONTEIRAS

FOTOBIOGRAFÍA SONORA

UN PROXECTO DOCUMENTAL DE ARRAIANOS PRODUCCIÓN,
COORDINADO POR ASER ÁLVAREZ



XUNTA
DE GALICIA

Unha Palabra para Xela Arias

Nesta lista de pequenas pezas audiovisuais, diferentes académicos e académicas da lingua galega, familiares, amigas e amigos que tiveron relación coa autora, escollen unha palabra que, en cadansúa opinión, mellor representa á homenaxeada. Un proxecto de Arraianos Producións para a Secretaría de Política Lingüística



CÓDIGOS QR

A través deste QR, e todos os demais espallados por esta publicación, pódese acceder aos diferentes contidos multimedia que recompilamos para facer deste libro unha verdadeira experiencia sensorial, multidisciplinar e sen fronteiras, como a propia Xela Arias.

XELA ARIAS SEN FRONTEIRAS

EDITA

Xunta de Galicia

PRODUCCIÓN

Arraianos Producións | www.arraianos.com

IMPRESIÓN E ENCADERNACIÓN

Gráficas Garabal

COORDINACIÓN DA EDICIÓN

Aser Álvarez González

FOTOGRAFÍAS

Arquivo persoal de Xulio Gil

Arquivo da familia de Xela Arias

DESEÑO E MAQUETAXE

Aldán Delgado Fernández

Impresión en Galicia - Depósito Legal: C 1572-2021

[Este proxecto editorial realizouse ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia.](#)

XELA ARIAS SEN FRONTEIRAS

Xela Arias Sen Fronteiras é moito máis ca este libro que está nas túas mans. Este proxecto multimedia é un percorrido sensorial por moitas desas fronteiras que cruzou Xela ao longo da súa vida, consciente de que é nos lindeiros onde acontecen as cousas máis interesantes. Por iso foi sempre unha forza desfronteirizante que soubo derrubar muros e valados coa súa arte transgresora e coa súa radical independencia. Fíxoo como muller comprometida que era, mais tamén como nai, como poeta, filla, narradora, tradutora, editora, parella ou como activista e letrista de rock.

Velaquí un petisco de todas estas Xelas, que evidentemente non collen nesta fotobiografía sonora. Unha obra colectiva na que temos a sorte de contar coas imaxes do seu arquivo familiar e tamén coas fotos de Xulio Gil, quen foi parella de Xela Arias e pai do seu único fillo, Darío, a quen lle agradecemos moi especialmente o seu agarimo e xenerosidade para axudarnos a facer posible esta nova achega



Unha Palabra para Xela Arias

Margarida Ledo
Profesora e cineasta



en formato de obra multimedia. Un proxecto no que hai de todo, desde rap e rock and roll ate poesía e palabras máxicas, desde pezas audiovisuais ou podcasts feitos por nenos e nenas da Galicia de hoxe, até a voz da propia homenaxeada nas Letras Galegas de 2021.

Antes de abrir mundo sen fronteiras van as nosas beizóns para Fernando Abreu e Silvia Mella, Ana Romaní, Marga Doval e Rosa Aneiros, Darío Gil Arias, Lois Arias e a Amparo Castaño, Montse Pena, Chus Nogueira, Marilar Aleixandre, Rosario Álvarez, e a todos os homes e mulleres que quixeron facer parte do proxecto *Unha Palabra para Xela*.

O noso agradecemento ao profesorado e ao alumnado que participou no *III Certame Internacional de Podcasts Xosé Mosquera Pérez*, “O vello dos contos” (www.ovellodoscontos.gal), cos seus sorprendentes traballos creativos arredor da vida e da obra de Xela Arias, cuxos podcasts podemos desfrutar na web e a través dalgúns códigos QR que hai ao longo desta publicación.

Grazas tamén a todo o equipo de Afundación por confiar en nós para facer un singular percorrido audiovisual por Xela Arias do A ao Z, unha obra que tamén compartimos convosco nesta viaxe polo singular universo dunha muller extraordinaria.

E beizóns á Secretaría Xeral de Política Lingüística por facer posible este proxecto multimedia co que queremos divulgar de xeito ameno e didáctico a vida e obra de Xela. Benvidas e benvidos a este mundo desfronteirizante, un universo sen muros nin valados. Comezamos esta xeira nosa por Xela Arias sen fronteiras.



NON TE AMOLA!

(2021 - Edicións Xerais)

Filla de Amparo Castaño López e Valentín Arias López, nace en Ortoá, en Sarria, o 4 de marzo de 1962. É a maior de cinco irmáns. Os tres primeiros anos de vida de María de los Ángeles, quen sempre foi chamada polo nome de Xela, transcorren na Granxa-Escola de Barreiros, na que seu pai era mestre e onde se mesturaba o ensino tradicional cunha aposta pedagóxica que poñía en valor a cultura labrega galega.

En 1965 a familia trasládase á cidade de Lugo debido a que Valentín Arias comeza a traballar na Granxa Arxeriz, coa misión de divulgar cuestións agrarias entre os labregos que traballan nela. Xela, pola súa parte, comeza a súa etapa escolar no Colexio Fingoi de Lugo.



Escola de Barreiros (1963)



En 1969 o núcleo familiar vólvese a mudar, nesta ocasión a Vigo, cidade decisiva na biografía e na obra dunha “nena de barrio e vida proletaria”, nas súas palabras. Completa ensino primario na Escola Nacional Graduada de Sárdoma en Moledo, onde o seu pai exerce como mestre.

Xa na súa infancia Xela destaca como escritora. Ela mesma se lembra escribindo desde sempre, e comenta que eses contos que facía e que cada vez eran máis extensos os pasaban a máquina os seus pais. Unha selva de paxaros, un coche de nata, outra selva de leopardos e un soño foron os elementos que compuxeron “A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia”, co que gañou o primeiro premio no VI Concurso de Contos Infantís O Facho. (Romaní, 2021)



Na voda do tío Pedro (1969)

Nunha entrevista con motivo do premio, Xela Arias explica:

Es que yo tengo que hacer las cosas en el momento, de lo contrario no soy capaz de seguir; si lo dejo para mañana, ya no lo acabo; es por eso por lo que tuve que escribirlo en un día. Y no me gustó nada, nada, nada. Me parecía demasiado malo para mandarlo. Después, mi padre me dijo que estaba bastante bien, pero yo seguía pensando que no valía. Por eso no me esperaba el premio. Ahora voy a escribir con más frecuencia. (Arias, 1973)

Nesta mesma entrevista Xela, que cursaba quinto de EXB, fai unhas contundentes declaracións respecto á lingua galega:

Yo creo que en Galicia se debía hablar siempre en gallego. Y lo mismo que nosotros aprendemos castellano los de otras partes pueden hacer un esfuerzo y llegar a hablar nuestro idioma. (Arias, 1973)

Xa como muller adulta, Xela Arias percorre a súa infancia para escribir *Non te amola!*, unha obra que permaneceu inédita ata o ano 2021. Ata entón coñecíamos a Xela como poeta, como tradutora e mesmo como activista, pero non coñecíamos a súa faceta de nena, e de nena narradora.

Podemos falar de *Non te amola!* como unha obra de literatura infantil e xuvenil; porén, tamén podería definirse como unha obra de fronteiras, tal e como as definía Agustín Fernández Paz, pensada para nenos e nenas pero aínda máis rica para os adultos e as adultas. (Aneiros, 2021)

Unha Palabra para Xela Arias

Fina Casalderrey
Escritora





Agora na primavera fixen nove anos. Son moitos para non procurar nada de proveito na vida así que vou escribir un libro. Tamén, a verdade é que non sei moiton se serven para algo. Se facer un libro é facer algo de proveito. Pero algo han valer, que aquí na miña casa os estantes rozan os teitos da habitación, e non teñen máis ca libros.

Mercáronos meus pais e neles lemos toda a familia. En fin, lemos algúns. Meu irmán pequeno Marcos máis ben pintaos, que aínda non sabe ler nin escribir, e logo anda mamá berrando pola casa que onde se debuxa é nas libretas. Mais el colleulle afección a pintar de cores as páxinas impresas dos libros máis grosos do cuarto. Pois, digo eu, para isto tamén serven os libros!

Non te amola! - Edicións Xerais, 2021

Unha Palabra para Xela Arias

Rosario Álvarez
Presidenta do Consello da Cultura Galega



Esquerda: Foto libro de familia, xullo 1970; Dereita: Na terraza (azotea) do edificio en Vigo. A rúa Zamora cara á Praza de España.

[...] *Non te amola!* proclama a importancia da escritura como forma de intervención. No intre en que a Autora decide facer algo de proveito e escribir un libro coloca, con todo, a dúbida de se os libros serven para algo e de “se facer un libro é [realmente] facer algo de proveito”. Porque nunha casa con estantes cheos de libros que rozan os teitos dos cuartos, nos que le toda a familia, parece que os efectos benéficos da lectura están fóra de toda discusión; e, naturalmente, cómpre que os escriba alguén que ten algo que contar, aínda que sexa unha cativa de nove anos, a maior dos irmáns, porque... “A ver se non vai ter nada que aprender o Xoán de min!” (Álvarez, 2021)



DENUNCIA DO EQUILIBRIO

(1986 - Edicións Xerais)

Supoño que debo recoñecer que son unha privilexiada. Porque escribir escribo desde que recordo, pero para publicar si que fun privilexiada, porque traballando en Edicións Xerais estaba máis próximo calquera tipo de contacto. O meu único libro publicado, *Denuncia do equilibrio*, foi publicado grazas a estar dentro da editorial.


Eu nunca busquei a vida para publicar. Ao estar aí dentro, Luis Mariño foi o que me deu un pouco de guerra para publicalo. Se non ao mellor non se me tería ocorrido.

Sei que hai moita xente que está 'despendolada' por aí, que está facendo cousas persoais e boas pero que non ten demasiada saída nin demasiado valor quizais para tirarse ás editoriais, polo que representan. Porque representan o poder con respecto ao que estás escribindo, que se supón que é moi íntimo, e que sempre te violenta e te inhibe. A ese nivel eu son privilexiada, porque o tiven cerca. (Arias, s. d.)



Unha Palabra para Xela Arias

Chus Nogueira
Profesora e editora de Xela Arias



A finais de 1980, Xela deixa os estudos e comeza a traballar na editorial Xerais, que nese momento acaba de instalarse no número 12 da rúa Doutor Marañón de Vigo. Contratada por Xulián Maure, encárgase desde atender o teléfono, a facer albarás, atender reclamacións, facturación, etcétera.

A poeta vai gañando máis responsabilidade na editorial e corrixe moi a fondo os textos dos autores cos que traballaba. Destaca pola súa rigorosidade e responsabilidade coa lingua. (Pérez, 2014)

Ademais da edición de textos, Xela converteuse nunha das primeiras tradutoras de Galicia. Non foi unha tradutora nin ocasional nin anecdótica. Pola contra, podería dicirse, aínda que con cautela, que a poeta foi a primeira galega en achegarse á figura da tradutora profesional. (Nogueira, 2018)

[...]Pareceume [...] de rigor e respecto [...] traducir a obra completa sen eliminar nin alixeirar as múltiples reviravoltas que ameazan a claridade de exposición: sempre será máis xusto que o lector faga uso do seu dereito de saltar follas ou parágrafos enteiros que que o traductor decida onde e cando debe facelo. (Arias, 1993)

Ao mesmo tempo que comeza a publicar pequenos poemas en diferentes medios revistas como *Dorna*, *Neboeira*, *Espiral*. *Revista Independentista de Informacións de Debate*, *Carel*. *Revista de Creación*, *Treboada*, *Tintimán*, en fanzines como *Katarsis* ou *Método para la Excepción*, o xornal *Faro de Vigo*, libros colectivos como os distintos volumes da *Festa da Poesía no Condado* e outras publicacións como catálogos ou *Al loro*. *Guía de Vigo para perderse*.



SE ME ACONSELLO

centro de pallas este corazón esperto
quixo ignora-los devastados
e foi coma con tempo abri-los regatos e
saíren ouveando as bestas ós camiños
desconsoladas
sen fillos
para logo deitarse na raxeira
cara ó último suspiro das luces
regresarse
e ablanda-los carreiros todos de puntillas
coma un soño e logo un soño imposible
despois un terrorismo de soños

—pero nada, aí—

...jo meu soño edificado
cada instante que os fentos adormecen
os detalles dos cristais!
«que a realidade te acompañe»
Entón descompoñe-los tránsitos discordes
e é miña a viaxe
que me recolle
aínda
despois de tódalas derrotas
—inexistentes—

Denuncia do equilibrio - Edicións Xerais, 1986

ST.

Arrolo



Tal e como menciona Chus Nogueira nas anotacións da *Poesía reunida* de Xela Arias: “As primeiras composicións da autora mostran polo tanto unha voz con vocación experimentadora, rica en cromatismos e dona xa duns trazos que sentaban as bases dunha poética singular no momento da súa escritura.” (Nogueira, 2018)

En 1986 Xela publica o seu primeiro poemario, *Denuncia do Equilibrio*, dentro da colección *Vento Branco* da editorial Xerais. Este libro, de edición moi coidada, recolle poemas publicados anteriormente pola autora ademais de incorporar ilustracións realizadas polo pintor Xosé Guillermo.

Denuncia do equilibrio supuxo unha innovación importante tanto polo aspecto físico do libro, como pola maqueta e polas ilustracións de Xosé Guillermo. Tamén pola súa temática, a denuncia de



aparentes ordes e aparentes equilibrios e especialmente pola ruptura da linguaxe que fai, pola innovación do verso e da linguaxe. Ademais é un libro moi urbano. (Nogueira, 2021)

É precisamente a cidade de Vigo a principios de 1980 a que supuxo unha importante influencia na obra de Xela Arias, pese a que “o nome propio da cidade só é mencionado unha vez nos poemas da autora, no segundo verso do poema “Érgome” publicado no número 3 de Katarsis en 1984” (Bragado, 2021)

Érgome
e Vigo vai aínda durmido...

Susana Trigo, amiga de Xela neste tempo, recorda así a cidade:



Vigo era calquera vila desartellada da Transición, por veces bastante convulsa, inhóspita moitas tardes, onde a mocidade con inquedanzas literarias ou de calquera tipo tiñamos que procurar o noso propio alimento. Daquela simplemente era a curiosidade urxente por vivir, conquistar un mundo propio, tomar posesión de todas as horas do día e a noite e de todos os libros, pubs, músicas... (Trigo, 2019)

[...] O medio fórmanos e desde os sete anos a miña cultura é urbana, eduqueime xogando nun solar e logo de ir á escola nun arrabalde de Vigo, según estudos nun centro do Calvario que é un barrio tamén moi de cidade. Fixen vida de barrio, identifícome con ela, e resúltame moi interesante o que saía de alí. O urbano non é parte de min senón unha circunstancia da vida. (Arias, 1990)

[...] en Galicia se publica poca poesía. En esta década que vivimos la mayor parte de la poesía está perdida o desvirtuada. Esta viene muchas veces más mostrada en la música como el rock and roll que en los libros de poemas [...]. Hago letras para Desertores porque son amigos míos y colegas. (Arias, 1989)

Unha Palabra para Xela Arias

Xose Luís Méndez Ferrín
Escritor e amigo de Xela Arias



Unha nova palabra ou maxia branca
que destrúa incinere como agora
eu fago de maxia e palabras cinzas
algo premeditado
que cumplo e é un tributo ó que me afago.

Denuncia do equilibrio
Edicións Xerais, 1986



TIGRES COMA CABALOS

(1990 - Edicións Xerais)

[...] Creo que en galego, coma en español, o camiño dos poetas está en atopar novas vías, coma sempre. Temos moito material tras de nós, por tradición, por literatura, e se nos deixamos levar, como parece que ocorre maiormente, pola insana influencia dos ditosos novísimos, ou calquera outra xeración precedente, xamais sairemos da insubstancial copia. Trátase de inventar un mundo novo. O noso. O seu valor xa se verá, non hai présa. Debemos mirar sen complexos a propia nova sociedade que medra arredor en nós, que, por outra banda e evidentemente, xa non é a que atoparon os pasados. Observala, criticala e inventar un ritmo para os nosos pequenos achádegos. (Arias, 1989)




Tíralle-las súas tristes fábricas de exércitos
inoculados de acomodo.
Éntraos sae de ti e tíralles
os cadáveres da preguiza acorda
doutros erros victorias as caídas
e despistes
que en ti fixeron ollos de tempas e dos dedos.
Nega o medo.
Dá a túa risa.
Arrima os días
e na punta alta do odio coloca
xunta min o necesario desespero.

Tigres coma cabalos - Edicións Xerais, 1990

Unha Palabra para Xela Arias

Fernando Abreu
Músico e amigo de Xela Arias



En 1990 publícase o segundo libro de Xela Arias que “explora unha fórmula escasamente transitada na tradición galega como é o diálogo entre poesía e fotografía” (Nogueira, 2018). No limiar do libro os autores explican o seu proceso creativo.

Fotógrafo e poeta propuxéronse facer cada quen 24 orixinais en cadanseu medio e en cadansúa respectiva soidade. Logo veu o intercambio e cada un deles traballou 24 novas creacións sobre os orixinais do outro. Iso foi o modo. Agora non lles interesa fixérense en qué foi feito antes e cal mellor resolto. Aquí ofrécenvo-los resultados nunha orde que nada ten que ver coas cronoloxías, e contentaríanse, en canto á proposta, con que atopasedes algo na unión dos dous medios, e dos dous sentidos —mesmo na distancia—, e con que tamén vos despreocupase o cómo e quedasedes co qué e co porqué. En todo caso, aí quedan. Nin pés de foto, nin ilustracións ó texto. Se tal, a historia.

Tigres coma cabalos - Edicións Xerais, 1990

[...] foi unha proposta de Xulio hai dous anos e une en verdade dous xéneros minoritarios, que están enlazados polo seu carácter de reportaxe, de parquedade, de flash, de cousa rápida. Se funcionase acadando un maior público mellor que mellor. A lectura que se faga agora do que escribín xa non me preocupa. Se ante algunha foto alguén pensa que o poema é unha explicación da foto ou viceversa, todo vale.

[...] Para min a creación faise desde un estado de ánimo; outra cousa é o que ti produces no lector. O novidoso do proxecto é que son dous xéneros minoritarios: nin na fotografía nin na poesía hai hábito público de lectura. Non me importa que a primeira quedada sexa coa foto, que é o que vexo que sucede na exposición, pero sorpréndeme ver que hai quen se detén a ler os poemas. Sei que o sitio do libro é o estante e o lugar de lelo o sillón. (Arias, 1990)



I. MONÓLOGO ADICTO

Ignoro que lugar é este onde me atopo
cos meus ósos e os silencios das palabras.
Detesto esa voz que vén tan alta
coa que persegues da miña morte detalles.
Só teño para ti xestos primarios.
Despedazada, outros xa van gastados.
Un día tiven desexos e cumprinos,
na roda da fortuna xoguei con talla.
Se xa só teño necesidades, ¿que dis ti
entre esas frases? É doutro de quen falas.

Tigres coma cabalos - Edicións Xerais 1990

CPI Virxe da Saleta, Cea-Ourense
Sweet Xela



Este proxecto colaborativo con Xulio Gil, quen acabaría sendo a súa parella, foi publicado por Xerais grazas a Víctor Freixanes e Xesús Franco, que apoiaron a publicación fronte a Editorial Anaya, que comprara Xerais en 1988 e que non estaba moi polo labor de editar unha obra tan arriscada no que supoñía a parte visual, na que as fotografías representaban na súa totalidade, corpos espidos. (Pena, 2021). “É que Tigres coma cabalos foi sen dúbida un proxecto arriscado, atrevido e de vangarda” (Abreu, 2021), que evidentemente non se librou dunha polémica polo seu contido.

A propia Xela respondeu no *Encontro de escritores galegos e portugueses: muller e literatura*, realizado en Santiago de Compostela en 1991 ás críticas recibidas.

[...] moitas veces desde a crítica ou a creación caemos as mulleres



Esta imperfección que fai de nós nós...
debúxaseme agora primavera.
Son os restos que conteño da grandeza dos deuses,
os demoníacos restos que gardo dos infernos
Quen protestan
Quen violan o estricto numerado
Quen amosan as aceras dos meus líos.
Os acertos dos acenos
e os derribos dos silencios...
O que de antigo e primitivo
sentencia
que ti e-la persoa tamén dos actos que non
Asomes.

Tigres coma cabalos - Edicións Xerais, 1990

Unha Palabra para Xela Arias

Marilar Aleixandre
Escritora



nun pretendido «facer país», facer patria de muller que particularmente me desespera. E mesmo as mulleres poden acabar pedíndonos que fagamos moral, moralexa desde a creación. Paso. O meu compromiso comigo está en escribir desde min. E eu son muller, miope e galega. Só cando esqueza iso deixarei de ser fiel ó feito das mulleres, das miopes e das galegas. (Arias, 1991)

No ámbito persoal de principios da década dos noventa, Xela, quen segue traballando para Xerais, decide matricularse na universidade en Filoloxía Hispánica, motivada polo seu soño de ser docente, que xa mostrara cando aínda era unha nena “Yo siempre tuve la ilusión de ser maestra de párvulos. Y no me parece nada difícil...” (Arias, 1973)

Finalmente, a pesar das súas responsabilidades laborais e familiares que lle impiden asistir as aulas con regularidade Xela logra rematar os seus estudos universitarios. (Pena, 2021)



DARÍO A DIARIO

(1996 - Edicións Xerais)

Estou con tres libros. O primeiro é un ensaio titulado *Figuras de la madre*, de varias autoras coordinado por Silvia Tubert. Reune artigos que, desde un punto de vista feminista, rastrexan nos símbolos culturais sobre a maternidade que nos deixaron fundamentalmente as civilizacións cristiana e grega e que influen directamente en como vivimos este fenómeno. O segundo é *El laberinto sentimental*, de José Antonio Marina que, a través da filosofía constrúe un mapa de sentimentos. O terceiro é *Que me queres amor?* de Manuel Rivas, do que reseñaría que fai poética desde a narración.

Parín, o cal quer dicir que pasei por un embarazo e que polo tanto son muller. Isto define as intencións de empezar a escribir estes versos cando o meu fillo tiña nove meses. Todo o proceso fíxose reflexionar aínda que o libro non estaba planificado. Era unha explicación para min mesma que, cos anos, ao mellor lería o meu fillo.



Cun par de metros, a distancia,
observo as evolucións dos teus ollos, mans e
pensamentos.
Sei que debes aprender,
que no gaño dos teus erros serás sabio.
A distancia, observo que observas,
que probas, vacilas e recolle-las certezas.
Por moitas voltas da historia,
así as ponlas dos bídalos arraícen mañá nas
autoestradas,
este es ti, meu fillo, e por sempre xa es
o preferido dos deuses que eu admiro.

Dario a diario - Edicións Xerais, 1996

Unha Palabra para Xela Arias

Dario Gil
Fillo de Xela Arias



Amosaba contradicións pola maternidade e a crianza. Pensei que os versos ian quedar na casa pero leunos outra muller que me animou a compartir a experiencia desta escrita con outras mulleres. Unha vez que o libro é editado e sae do entorno familiar, Darío pasa a ser calquer neno. (Arias, 1997)

O 10 de outubro de 1994 nace Darío Gil Arias, o fillo de Xela e Xulio. Durante o embarazo e os primeiros meses de vida do neno, Xela crea o seu terceiro poemario, esta vez arraigado nos conceptos de maternidade e da relación dela co seu fillo.

Marilar Aleixandre fará a seguinte reflexión acerca da obra:

O embarazo, a maternidade, non foron tradicionalmente materia literaria e menos materia poética. Como di Carme Riera, de todas as



Unha Palabra para Xela Arias

Lois Arias
Irmán de Xela Arias



viaxes existentes é precisamente a viaxe cara á vida, o embarazo, a menos literaria, a menos cantada na poesía. Unha análise das razóns desta ausencia excede o propósito destas liñas, aínda que sen dúbida a predominancia do falante lírico masculino debe ser unha délas, así como unha identificación da muller como obxecto máis que suxeito do poema, e principalmente obxecto de desexo, rapaza, doncela, carácter ideal que perdería co embarazo e a maternidade. Son as poetas estadounidenses como Anne Sexton e Sylvia Plath as que nos anos 60 introducen nos seus poemas o parto, a maternidade —e tamén a menstruación, o aborto— o que lle reportaría a Sexton diatribas de críticos que a acusaban de “recrearse nos aspectos patéticos e noxentos da experiencia corporal” (Aleixandre, 1997)

Busco o modo de te acompañar sen estorbo,
que sexas ó meu carón feliz e creador
de ti,
de ti e mailo mundo que apañes.

Dario a diario - Edicións Xerais, 1996

[...] Convérteste tamén en personaxe desta historia, raíña parlante; emperatriz de sonidos guturais, invadida a túa vida de cueiros e biberóns, no fondo has de aprender unha nova linguaxe, produto da túa maior diversión e esa é que estás a transmitir. Darío é o teu diario, as túas contradicións, as túas equivocacións, ese desexo de acompañar sen estorbo, a túa transmisión da evolución dos pasos, da linguaxe dese ser algo de teu, que xa é el. (Romero, 1997)



Tódolos bebés son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos nenos son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos adolescentes son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos mozos son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos anciáns son *tu* e ningún coma ti.
Tódalas nais son eu e todas, coma min, saben que es único.

Dario a diario - Edicións Xerais, 1996

Unha Palabra para Xela Arias

Amparo Castaño
Nai de Xela Arias



A docencia será a última ocupación laboral de Xela Arias. Profesora de secundaria na materia de Lingua e Literatura castelá, impartirá aulas en nove centros de ensino en apenas catro anos: desde o IES Terra de Xallas, Santa Comba, en 1999 ao IES Montecarrasco de Cangas en 2003, e entre os dous: Paralaia de Moaña, Valle-Inclán, en Pontevedra, Xelmírez II de Santiago e Valadares II en Vigo, IES de Chapela, en Redondela, IES A Sangriña da Guarda e IES Álvaro Cunqueiro de Vigo. Ademais seguirá exercendo labores de tradución, publica poemas en edicións colectivas e participa en actos tanto culturais como reivindicativos. (Romaní, 2021)



INTEMPÉRIOME

(2003 - Espiral Maior)

[...] *Intemperiome* é un pouco iso, coinciden as dúas cousas, estar á intemperie, como seres humanos estamos á intemperie, nós decidimos que facemos coas nosas vidas, aínda que moitas veces pensemos que non.

Pero o real da vida, a vida real é aquela na que un se atopa á intemperie e se fai consciente de que quere estar á intemperie, precisamente para tomar as súas decisións. Pero tamén a intemperie ten esa posibilidade do medo a tomar as propias decisións, que sempre ten unha parte perigosa.

Pero tamén por outra parte, un, creo eu, polo menos unha, polo menos eu, *intempériome* moitas veces, revóltome moitas veces, quero dicir, procuro darlle a volta ás cousas nese posible camiño obrigado de nós como persoas de cuestionarnos, de preguntarnos as cousas que estamos facendo, para estar ben seguro do que estás facendo. (Arias, 2003)

No ano 2003 Xela Arias publica o seu último poemario titulado *Intempériome*. No propio título a autora deixa ver o exercicio de innovación lingüística que repetirá ao longo de todo o libro. (Nogueira, 2018)

[...] A propia Xela era unha poeta á intemperie, que se sitúa fóra, e tamén é situada fóra das correntes e fóra das xeracións. Xela é unha voz singular, e parte desta singularidade débese ao modo no que emprega as palabras e descoloca os pronomes como é “intempériome”, “desordénome”... (Aleixandre, 2021)

[...] Indagar e cuestionar a orde das cousas creo que é unha función que debe cumprir a poesía. Se non, para que? Quero dicir, se a poesía o que nos vai servir é para dulcificar o que xa está, ou para cantar as posibles excelencias do que xa está, en logo non serve para nada. Creo que a nosa función humana tamén é un pouco cuestionar o que hai, precisamente tamén para iso, para dar pé ou dar posibilidades a poder construírnos mellor (Arias, 2003)

Mais regrésote á cor das cousas
e fundo
un historial de termos conquistados
con paixón de pintadora de imaxes,
líquidas.
Miñas,
de primeira man as palabras que uso,
por dotarte
de contido

Intempériome - Espiral Maior, 2003



Con *Intempériome*, Xela Arias aprofunda nunha análise tanto externa como interna, reflexionando sobre todo tipo de cuestións que lle resultan interesantes.

A pregunta debera ser. ¿Para qué os poetas hoxe?, pero o primeiro que se me ocorre é que deberíamos cambiala, ou cando menos definir ben a que lle chamamos poeta.

Se pensamos que poeta é calquera no instante en que se demostra capaz de dirixi-la ollada cara a un acontecemento, sexa físico sexa mental, sexa sentimental, e trata ou consegue dar del unha visión. senón necesariamente inédita, si particular, particular por propia, se isto é o que consideramos poeta evidénciasenos que poeta somos todos, posiblemente porque todos en maior ou menor grao, nun momento ou noutro da nosa vida, de xeito oral ou escrito, todos sentimos nalgún

IES Salvaterra de Miño, Pontevedra

Vide, convídvos ó espectáculo...





De certo, a vida ía en serio.
Por iso morrer non conta
números.
Eras moza,
cómplice nunha derrota que non
sumabas. Feliz por terte insomne
por inmortal.
Xa temos cadáveres amigos
e coñecidos,
sabemos da morte o legado inútil.
Pero ique ridículo! ¿non?,
abrazalo feito feliz de xa medrar
-camiñar ás aforas-
en tempos asepticamente tan
Alienados.

Intempériome - Espiral Maior, 2003

CEIP Mestre Manuel García, Oia-Pontevedra

Vibrando con Xela



momento a punzada de descubrírmonos recoñecéndonos creadores
da nosa propia imaxe particular dun acontecemento que nos abalou o
suficiente, probablemente o corazón.

[...] algúns lectores de poesía esixen algo máis para a definición de
poeta. Esixen que quen se defina como poeta sexa que non só de
usa-la “mirada”, chamemoslle así, non só expertizado no uso da
“mirada” persoal, senón capaz de transmitila por vía léxica, e creando
de cada vez un mundo, se non enteiramente novo, sorprendente,
espido.

[...] Lector de poesía, penso eu, é quen se someteu á autoaprendizaxe
da convivencia cos textos, e superou a proba. A convivencia, a máis
complexa das aprendizaxes entre os seres humanos. ¿Qué dicir, se por
riba son papeis, sequera persoas?



Incéndiate
á calor da observación.
E repasa logo a ollada
no pouso
dos afectos.

Intempériome - Espiral Maior, (2003)

[...] case nunca os máis lidos (se é que en poesía podemos falar de “máis lidos”) me cadran a min cos mellores na miña expendeduría particular de títulos de poetas. Porque na cociña da poesía os sabores, os olores, son, deben ser sempre territorios inexplorados, aínda sendo os ingredientes, as palabras, o territorio máis explorado polos seres humanos que existe no planeta enteiro. E por ser inexplorados os sabores e olores de cada novo poema, hai que presentarlles educado en poema, ben rozado de poesía para chucharlle o máis que poda dar de si. (Arias, 2001)



BIBLIOGRAFÍA

Abreu, Fernando (2021). *Unha Palabra para Xela*. Recuperado de <https://youtu.be/PIZHaNb-Ejk>

Aneiros, Rosa (2021). *Xela Arias do A ao Z* Recuperado de <https://youtu.be/bUo5lqBZZq4>

Aleixandre, Marilar (1997). "Un fillo como un poema." *Grial* 136, pp 669-670. Recuperado de <http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmc0924593>

Aleixandre, Marilar (2021). *Xela Arias do A ao Z* Recuperado de <https://youtu.be/bUo5lqBZZq4>

Álvarez, Rosario (2021). *Limiar de Non te amola!* polo Consello da Cultura Galega. Recuperado de <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4404>

Arias, Xela (s. d.). *Declaracións para televisión*. Recuperado de *A Palabra Esgazada da RAG*. <https://youtu.be/VzHzgjuvGH0g>

Arias, Xela (1989). "Paixón de militancia e escuros desertores." *Filología Románica*. Recuperado de <https://revistas.ucm.es/index.php/RFRM/article/view/RFRM8989110137A>

Arias, Xela (1989). Entrevista de Carmen Llano para *Atlántico Diario*. "A poesía nocturna de Xela Arias." Recuperado de: <https://cadernodacritica.wordpress.com/2021/04/06/xela-arias-o-encanto-esta-nas-persoas-e-na-noite-en-si/>

Arias, Xela (1990). "Xela Arias." Entrevista por Xan Carballa. *A Nosa Terra*, 29-IV-1990. p.21. Recuperado de <https://anosaterra.com/no-426-29-de-marzo-de-1990/>

Arias, Xela (1991). Contribución de Xela Arias no Encontro de escritores galegos e portugueses: muller e literatura. Recuperado de <http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/373>

Arias, Xela (1993). Introducción. En Fenimore Cooper, *O derradeiro dos mohicanos*. Vigo: Xerais, p.17.

Arias, Xela (1997). "Que lé?" *A Nosa Terra*, 27-II-1997, p. 28. Recuperado de: <https://anosaterra.com/no-767-27-de-febreiro-de-1997/>

Arias, Xela (2001). "¿Para que os poetas hoxe?" (Conferencia). Recuperado de <http://culturagalega.gal/album/detalleextra.php?id=152>

Arias, Xela (2003). Declaracións sobre *Intempériome* no programa *Diario Cultural* da Radio Galega. Recuperado de <http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=18>

Bragado, Manuel (2021). *Xela Arias e Vigo* por Manolo Bragado

C. Hortigüela, Julia (1973). "Una niña viguesa gana el concurso de cuentos O Facho". *Faro de Vigo*, 19 de maio. Recuperado de <http://culturagalega.gal/album/detalleextra.php?id=148>

Nogueira, María Xesús (2018). *Xela Arias Poesía reunida (1982-2004)*. (Edición, introdución e notas de María Xesús Nogueira Pereira) Vigo: Edicións Xerais de Galicia

Nogueira, María Xesús (2021). *Xela Arias do A ao Z* Recuperado de <https://youtu.be/bUo5lqBZZq4>

Pena, Montse (2021). *Intempestiva. Unha biografía (literaria) de Xela Arias*. Vigo: Editorial Galaxia

Pérez Pardo, Roberto. (2014). *Xela e a Palabra*. Illa Bufarda. Recuperado de <https://vimeo.com/90052871>


Romaní, Ana (2021). *Xela Arias. Declárome inconforme. Biografía de Xela Arias da Real Academia Galega*. Recuperado de <https://academia.gal/letras-galegas/2021/xela-arias/biografia>

Romero, Marga (1997). Cando falar de nai é poesía. *A Nosa Terra*. 28-VIII-1997 p. 17. Recuperado de: <https://anosaterra.com/no-793-28-de-agosto-de-1997/>

Trigo, Susana (2019). "Intemperiome con Xela". *A Segra* Recuperado de <http://www.asega-critica.net/2019/08/intemperiome-con-xela-por-susana-trigo.html>

Unha Palabra para Xela Arias

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade






No IES Salvaterra de Miño o alumnado da materia de Comunicación Audiovisual en 2º de Bacharelato creou unha serie de vídeopoemas a partires das gravacións que o seu profesor Fernando Abreu conserva e nas que Xela Arias recita os poemas de Intempériome gravadas no ano 2003 cando ambos preparaban un recital para a presentación do libro.



Xela Arias do A ao Z

Un breve percorrido por Xela Arias, a través
dalgunhas letras e palabras, realizado por Arraianos

Producións para Afundación



XELA ARIAS SEN FRONTEIRAS

Xela Arias sen fronteiras é moito máis ca este libro que está na túa man. Este proxecto multimedia é un percorrido sensorial por moitas desas fronteiras que cruzou Xela ao longo da súa vida, consciente de que é nos lindeiros onde acontecen as cousas máis interesantes. Por iso foi sempre unha forza desfronteirizante, que soubo derrubar muros e valados coa súa arte transgresora e coa súa radical independencia. Fíxoo como muller comprometida que era, mais tamén como nai, como poeta, filla, narradora, tradutora, editora ou letrista de rock.

Velaquí un petisco de todas estas Xelas, que non collen nesta fotobiografía sonora. Unha obra colectiva na que temos a sorte de contar coas imaxes do seu arquivo familiar e tamén coas fotos de Xulio Gil, quen foi parella de Xela Arias e pai do seu único fillo, Darío, a quen lle agradecemos moi especialmente o seu agarimo e xenerosidade para axudarnos a facer posible esta achega en forma de obra multimedia. Un proxecto no que hai desde rap e rock and roll ate poesía, desde pezas audiovisuais ou podcasts feitos por nenos e nenas, até a voz da propia homenaxeada nas Letras Galegas de 2021. Dámosvos a benvida a esta Xela Arias sen fronteiras.